


## Traducen ao esperanto o libro de relatos de Begoña Paz «A ferida»

A editorial Mondial, con sede en Nova York, publica a versión realizada polo filólogo vigués Suso Moinhos



Suso Moinhos (Vigo, 1970) publicou no 2017 a primeira tradución ao esperanto do gran clásico de Xosé Neira Vilas «Memorias dun neno labrego» (1961).  
XOÁN CARLOS GIL



H. J. P.

REDACCIÓN / LA VOZ 01/07/2019 05:00 H



«Aínda que non podo valorar o froito final, porque descoñezo o idioma, síntome agradecidísima, moi honrada». A escritora galega Begoña Paz (A Coruña, 1965) amósase feliz pola súa incorporación á biblioteca do esperanto grazas á tradución do seu volume de relatos *A ferida* -de cuxa aparición na colección Abismos de Xerais se fan 15 anos- da man do tradutor vigués Suso Moinhos. Publicado pola editora neiorquina Mondial, que dirixe Ulrich Becker, o libro (*La vundo*) **xa se pode mercar a través de Internet en papel ou no seu formato dixital.**

Paz aprecia o feito de que esta edición achegue a súa obra a xente que está espallada por todo o mundo, e que son lectores fieis dunha lingua na que ademais non hai moita literatura publicada. Pero sobre todo o que máis lle gusta é o entusiasmo como lector que Moinhos mostrou polos seus textos. «O máis interesante é que fixo seu o libro, e esa apropiación fará que un libro do 2004 teña unha nova vida e amplíe de novo o seu eco», festexa para lembrar que -aínda que está segura de que «é un bo libro»- *A ferida*, en Galicia, «non tivo éxito ningún, e tal fracaso non só é imputable a que o lanzamento carecera de promoción. **Hoxe, en Galicia, é un libro desaparecido**», e por iso, e porque confía en que aínda ten lectores, ela mesma preparou en Amazon unha edición en galego e outra en castelán.

Que lle queda vida a *A ferida* acredítao sen dubidar Suso Moinhos, que deseguido caeu seducido pola forza da súa prosa. Primeiro trouxo ao esperanto tres dos relatos do libro, que apareceron en *Beletra Almanako*, revista tamaño libro que tamén edita Mondial e da que o tradutor vigués integra o equipo de redactores. E de aí deu paso aos 25 que conforman o volume.

### **Alta calidade literaria**

Moinhos enxalza a alta calidade literaria deste conxunto de contos nos que, anota, sobresa a presenza de personaxes límite, na marxe. «A tradución foi un verdadeiro desafío porque a autora utiliza moitas modalizacións, moitas maneiras distintas de falar, pero tamén monólogos interiores, diálogos... Son textos moi ancorados na oralidade», subliña. Moinhos alude á formación de Paz vinculada á filoloxía inglesa, e a un posgrao relacionado coa violencia de xénero, como clave para entender os relatos de *A ferida*. En tal sentido, percibe unha influencia clara da estrutura dos grandes narradores da literatura en inglés.

Para Suso Moinhos, o esperanto garda certo parentesco na súa historia co galego. «A literatura propia deste idioma ten un percorrido similar, desde un inicio -naceu en 1887 da man do oftalmólogo polaco Lázaro Zamenhof- que camiña paralelo ao Rexurdimento galego, e ata agora».

O tradutor vigués sente o esperanto como idioma propio, pero é consciente de que nesta dedicación súa non hai motivación remunerada economicamente, xa que o mercado é moi limitado malia a estar disperso por todo o planeta. «Saen ao ano uns 120 títulos, o que dá idea dunha dimensión parecida ao bretón, xa que non só son linguas pequenas, senón que non contan co apoio dun Goberno. En compensación, o concepto *título descatalogado* non existe», explica.

Moinhos leva tres decenios nisto e xa verteu ao esperanto *Memorias dun neno labrego*, tres contos de Cunqueiro e, en breve, sairá á venda *Vento ferido* de Casares. Tamén traduciu unha antoloxía da poesía galega actual (desde o ano 2000) e a obra do escritor mozambicano Luís Bernardo Honwana *Nós matámos o cão-tinhoso*.